



**ESO E 1º DE BACHARELATO  
RECLAMACIÓN CONTRA A PROMOCIÓN/TITULACIÓN**

DATOS DO ALUMNO		CURSO E GRUPO:	
APELIDOS:	NOME:	DNI:	
ENDEREZO:			
Teléfonos:			

DATOS DO PAI/NAI/TITOR OU TITORA LEGAL (obligatorio en alumnado menor de idade)		
APELIDOS:	NOME:	DNI:
ENDEREZO:		
Teléfonos:		

Manifesta(n) o seu desacordo coa decisión de promoción/titulación decidida pola xunta de avaliación DO GRUPO E CURSO \_\_\_\_\_, polo que solicita a revisión da dita decisión, alegando os seguintes motivos:

(EN CASO DE ESPAZO INSUFICIENTE CONTINUÉSE Ó DORSO)

En Ames (A Coruña), a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. (alumno/a e titor legal): \_\_\_\_\_

A/A Sr./Sra. XEFE/A DE ESTUDOS DO IES DO MILLADOIRO

ACLARACIÓN DE MOTIVOS (CONTINUACIÓN)

**MARCO NORMATIVO**

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

No caso de que exista desacordo ca decisión de promoción ou titulación, o alumno/a ou os seus pais ou titores poderán solicitar por escrito, a revisión da devandita decisión, no prazo de dous días lectivos ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

A solicitude de revisión conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa coa decisión adoptada. Será tramitada a través da xefatura de estudos, que a trasladará á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

Celebrarase unha reunión extraordinaria do equipo docente no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada

A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa decisión, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.